



A XII KDD BTT DOS CALLOS

Rexerase a través do seguinte regulamento que é de obrigada lectura e aceptación por parte de todos os participantes.

A asociación xuvenil "Nós Somos Nós" ten o pracer de presentar a "**XII BTT DOS CALLOS 2026**".

A BTT dos Callos terá inicio no Centro Cultural de Castro Barreiro ás 09:15h.. Habrá dous percorridos; un longo de 47Km e 1500m de desnivel aproximadamente, e un curto 37km e 1200m de desnivel aproximadamente.

A primeira parte do percorrido da BTT será por estrada pública, por elo, os participantes teñen que **respectar as normas de Seguridade Viaria**.

O prezo varía dependendo da data de inscrición, tendo en conta dous rangos de prezos. O primeiro rango comeza en 16€ e no último 22€. Explicado no punto 13 deste regulamento.

A inscrición da dereito, ademais da participación no evento, ao seguinte:

- Unha tapa de callos, viño, cervexa, pan e sobremesa.
- Seguros de RC e Asistencia Sanitaria.
- 2 avituallamentos sólidos e líquidos. O primeiro avituallamento no km 23 aproximadamente, e o último en meta.
- Regalo para os primeiros 150 inscritos.
- Servizo de duchas.
- Servizo de lavado de bicicletas.
- Servizo de gardarroupas.
- Agasallo da Asociación "Bicos de Papel" por ter colaborado coa infancia de oncoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro coa túa inscrición.

1. A XII BTT DOS CALLOS realizarase o 11 de xaneiro do 2026.
2. A idade mínima para a ruta BTT é de 16 anos e até os 18 anos necesitarán a autorización do pai, nai ou titor legal.
3. Os participantes menores de 18 anos deben ir acompañados por unha persoa responsable e presentar unha autorización do pai, nai ou titor legal asinada.
4. A BTT dos Callos non é un evento competitivo. Os participantes deben manter o ritmo que marque o grupo de cabeza e respectar os reagrupamentos establecidos.

5. Os participantes deben ter o nivel necesario para participar nun percorrido de aproximadamente 38 km polo monte, de dificultade física e técnica media.
 6. O uso do casco é obrigatorio. Calquera participante que non faga uso deste, será expulsado inmediatamente.
 7. Cada participante debe traer as pezas necesarias para resolver unha avaría: cámaras, bombín, etc.
 8. Aínda que o percorrido estará debidamente sinalizado, o participante é o único responsable de cumprir coas directrices da organización e disposicións da Lei de Seguridade Viaria.
 9. **NON** se admitirán inscricións no día da proba.
 10. Queda terminantemente prohibido tirar lixo ao chan.
 11. A taxa de inscrición non é reembolsable.
 12. A participación non será permitida a calquera persoa non rexistrada.
 13. A inscrición pecharase o 07/01/2026 ás 23:59, existindo a posibilidade dun prezo reducido ata o 22/12/2025 ás 23:59 de 16€, a partires desa data até o prazo final é de 22€. Un porcentaxe de esta inscrición está destinada a Asociación “Bicos de Papel”, ademais poderás aportar o realizar a túa inscrición o que consideres. A infancia que está a sufrir o cancro no Hospital Álvaro Cunqueiro agradeceracho.
- Se non podes asistir o eventos e queres aportar o teu gran de area poderás facelo a través do DORSAL 0 = DORSAL SOLIDARIO.**
14. A organización resérvase o dereito de modificar todo sobre itinerarios, horarios, re agrupacións, etc.
 15. Durante a carreira disporase dunha ambulancia.
 16. A existencia de medios sanitarios e de seguridade facilitados pola Organización, non exime aos corredores da obrigación de ofrecer asistencia a calquera outro participante que o necesite.
 17. Ao mesmo tempo a Organización disporá de persoal (ciclista “escoba”/quad “escoba” ou moto “escoba”) que irá pechando as carreiras tras o último ciclista. Ademais, a Organización colocará persoal para orientar e axudar aos participantes en todos aqueles puntos que considere que poden resultar conflictivos.

18. Asistencia máxima de 300 participantes para a ruta BTT.

19. Os primeiros 150 inscritos recibirán un agasallo. Asemade, todos o participantes recibirán o agasallo de "Bicos de Papel"

20. Os premios que se entregarán serán para:

- Trofeo ao club máis afastado.
- Trofeo ao club máis numeroso.
- Trofeo ao ciclista de maior idade.

21. A entrega dos dorsais (que tamén é o vale para os callos) realizarase o día 10/01/26 no lugar de saída no seguinte horario: 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 e no propio día a partires das 8:00 ata media hora antes da saída da proba.

22. A inscrición realizarase na páxina web da Organización:

www.carnavalcastrobarreiro.com

23. Ao inscribirse para esta proba asúmese a aceptación destas normas e renuncia a calquera alegación contra a organización.

En Salceda de Caselas, a 11 de novembro de 2025

Asdo: